



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE INTERVENCIÓN

##### Anuncio

Aprobouse inicialmente polo Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 26.11.2024, o Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2025, e a documentación que o acompaña.

Exponse ao público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante os cales admitiránse reclamacións aos mesmos.

Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, vinte e seis de novembro de dous mil vinte e catro.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **O SECRETARIO XERAL**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3746

### CONCELLOS

#### BURELA

##### Anuncio

#### LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL (SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS) COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por esta Alcaldía en data 25/11/2024 ditouse resolución nº 2024-1190 co seguinte tenor literal:

"Visto que en data 29/09/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0932 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de **TRABALLADOR/A SOCIAL (SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS)**, grupo A2, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 230 de 03/10/2024, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

#### A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Antía Díaz Rey	***9111***	EXENTA
Verónica Garayzabal Pedrosa	***8987***	EXENTA

Lorena María García García	***5118**	NON EXENTA
Enma García López	***2183***	EXENTA
María Josefa Gil Rosende	***4289***	EXENTA
Almudena González Rego	***8016***	EXENTA
Ana María Martínez Neira	***3513***	EXENTA
Noela Nebriil Rodríguez	***3701***	EXENTA
Basilisa Nogueira Rodríguez	***7618***	EXENTA
Beatriz Pereiro Sordo	***3578***	EXENTA
María Dolores Rodríguez Moreda	***9403***	EXENTA
Oscar José Rodríguez López	***4171***	EXENTA
María Manuela Zas Castro	***5357***	EXENTA

**B. PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
Lucia Pedrido Rodríguez	***7308***	EXENTA	1

**SEGUNDO.-** Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

**PRESIDENTE/A.-**

Titular: D<sup>a</sup>. Encarnación López Morado. Traballadora Social do Concello de Barreiros.

Suplente: D<sup>a</sup>. María Monserrat López González. Traballadora Social do Concello de Mondoñedo.

**VOGAIS.-**

Titular: D<sup>a</sup>. María Consuelo Cartoy Veiga. Traballadora Social do Concello de Burela.

Suplente: D. Carlos López González. Traballador Social do Concello de Foz.

Titular: D<sup>a</sup>. Noelia Legaspi Rodríguez. Educadora Familiar do Concello de Burela.

Suplente: D<sup>a</sup>. Julia Vidarte López. Educadora Familiar do Concello de Foz.

Titular: D. José Manuel Ferreira López. Director do Centro de Formación Ocupacional do Concello de Burela.

Suplente: D. Jaime Méndez García. Director da Casa da Xuventude do Concello de Burela.

**SECRETARIO/A.-**

Titular: D<sup>a</sup>. Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: D<sup>a</sup>. Montserrat Conde López, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo

**TERCEIRO.-** Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 5 de decembro de 2024 (xoves), ás 12:00 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en

Burela, 25 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino”

R. 3738

### Anuncio

#### LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS (2) PRAZAS DE PROFESOR/A DA ESCOLA DE MÚSICA COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por esta Alcaldía en data 25/11/2024 ditouse resolución nº 2024-1191 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 18/01/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0041 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas (corrección erro de transcripción por Decreto nº 2024-0044 de 19/01/2024) ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo de dúas (2) prazas de “PROFESOR/A DA ESCOLA DE MÚSICA”, grupo A2, xornada a tempo parcial, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 022 de 26/01/2024, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Tendo en conta que durante o prazo concedido de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos preséntase por José Ramón Vázquez Meitín, DNI \*\*\*9963\*\*, documentación subsanando o defecto que motivou a exclusión.

En base ao anteriormente exposto, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Estimar a alegación formulada por José Ramón Vázquez Meitín, DNI \*\*\*9963\*\*, quedando subsanado o defecto que motivou a súa exclusión.

**SEGUNDO.-** Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

#### A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Julia Nogueira Fernández	***1947**	EXENTA
Miguel Pérez Sabater	***6067**	EXENTA
Miguel Emilio Santalices Blanco	***2714**	EXENTA
Carlos Timiraos Timiraos	***3623**	EXENTA
José Ramón Vázquez Meitín	***9963**	EXENTA

**TERCEIRO.-** Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

#### PRESIDENTE/A.-

Titular: D. José Ramón Gallego Fernández: Psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo

Suplente: Dª. María Ángeles Rivas Vázquez. Xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo

#### VOGAIS.-

Titular: D. Antonio Río Rodríguez. Profesor de guitarra/secretario do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Suplente: D. Juan Carlos García Rega. Profesor de clarinete no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Titular: D. Luis Rodil Fernández. Profesor de fruta no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Suplente: D. Juan Cabalar Filgueiras. Profesor de violín no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Titular: Dª. Sonia García Rodríguez. Profesora de piano no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Suplente: D<sup>a</sup>. Beatriz Vale Conesa. Xefa de estudos e profesora de piano do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

#### SECRETARIO/A.-

Titular: D<sup>a</sup>. Leticia Rodríguez Díaz. Secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: D<sup>a</sup>. Montserrat Conde López. Secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo

**TERCEIRO.-** Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 5 de decembro de 2024 (xoves), ás 10:30 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en

Burela, 25 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino”

R. 3739

### Anuncio

#### LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE PROFESOR/A-DIRECTOR/A DA ESCOLA DE MÚSICA COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por esta Alcaldía en data 25/11/2024 ditouse resolución nº 2024-1189 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 18/01/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0042 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de “**PROFESOR/A-DIRECTOR/A DA ESCOLA DE MÚSICA**”, grupo A1, xornada a tempo parcial, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 022 de 26/01/2024, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Tendo en conta que durante o prazo concedido de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos preséntase por Bruno Alvarez Gómez, DNI \*\*\*9205\*\*, documentación subsanando o defecto que motivou a exclusión.

En base ao anteriormente exposto, de conformidade co establecido na base 8<sup>a</sup> das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Estimar a alegación formulada por Bruno Alvarez Gómez, DNI \*\*\*9205\*\*, quedando subsanado o defecto que motivou a súa exclusión.

**SEGUNDO.-** Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

#### A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Bruno Alvarez Gómez	***9205**	EXENTA
Juan Ramón Carballal González	***4344**	EXENTA
Miguel Pérez Sabater	***6067**	EXENTA
Miguel Emilio Santalices Blanco	***2714**	EXENTA

Carlos Timiraos Timiraos	***3623**	EXENTA
--------------------------	-----------	--------

**TERCEIRO.-** Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

**PRESIDENTE/A.-**

Titular: D. José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo

Suplente: D<sup>a</sup>. María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo

**VOGAIS.-**

Titular: D. Antonio Río Rodríguez. Profesor de guitarra/secretario do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Suplente: D. Juan Carlos García Rega, Profesor de clarinete no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Titular: D. Luis Rodil Fernández, Profesor de fruta no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Suplente: D. Juan Cabalar Filgueiras, Profesor de violín no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Titular: D<sup>a</sup>. Sonia García Rodríguez. Profesora de piano no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

Suplente: D<sup>a</sup>. Beatriz Vale Conesa. Xefa de estudos e profesora de piano do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro.

**SECRETARIO/A.-**

Titular: D<sup>a</sup>. Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: D<sup>a</sup>. Montserrat Conde López, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo

**TERCEIRO.-** Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 5 de decembro de 2024 (xoves), ás 9:30 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en

Burela, 25 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino"

R.3740

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

#### CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de novembro do 2024 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 21 de novembro de 2024.- O ALCALDE, Gloria Maria Prada Rodriguez.

R. 3730

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 60/2024

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 253 do día 2 de novembro de 2024 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 60/2024 de modificación de créditos na modalidade de crédito extraordinario por importe de 32.976,56€, financiado con cargo a maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente, aprobada polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2024, transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interperse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

CAPÍTULO DE INGRESOS	Importe	CAPÍTULOS DE GASTOS	Importe
IV	32.976,56	VI	32.976,56

Monforte de Lemos, 25 de novembro de 2024.- O ALCALDE, José Tomé Roca. P.D. Decreto de data 21.06.2023, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3741

### Anuncio

Aprobado provisionalmente polo Concello en Pleno, en sesión ordinaria do día 23.10.2024, o expediente de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais reguladoras de:

- Impostos, taxas e prezos públicos municipais e o calendario fiscal para o exercicio 2025.
- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.
- Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de espazo na vía pública para aparcamentos exclusivos de carga e descarga de mercancías de calquera clase.
- Ordenanza non fiscal reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e a Ordenanza non fiscal reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga.

De conformidade co que dispón o artigo 17.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estará exposto ao público durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalo e, si cabe, presentar as oportunas reclamacións.

No caso de non presentarse ningunha reclamación, o acordo provisional considerárase elevado a definitivo e procederáse á publicación do texto íntegro das modificacións introducidas ao vixente.

Monforte de Lemos, 25 de novembro de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3743

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA 2025**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, do día 25 de novembro de 2024 o Orzamento Xeral deste Concello e do seu Organismo Autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, así coma as súas Bases de Execución, e o cadro do persoal para o exercicio económico 2025, dacordo co previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ó público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, ós efectos de reclamacións e alegacións, o orzamento consideraráse definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións.

Monforte de Lemos, 25 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 21.06.2023, A Primeira Tenente de Alcalde, Gloria Prada Rodríguez.

R. 3744

**A PONTENOVA***Anuncio***LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE OUTUBRO 2024.**

Por Resolución de alcaldía do 19 de novembro de 2024, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 13 de decembro de 2024 ao 13 de a febreiro 2024**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 13 de decembro de 2024 ao 13 de febreiro de 2024**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-311000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova na data da sinatura dixital.

A Pontenova, 21 de novembro de 2024.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3731

**RIBADEO***Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 19/11/2024 acordou provisionalmente a modificación da **Ordenanza municipal reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal cuxo texto refundido que recolle a modificación proposta consta no expediente**.

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte

da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, entrando en vixencia de acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ribadeo, 20 de novembro de 2024.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3732

---

## RIBAS DE SIL

### *Anuncio*

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2023, por un prazo de quince días, durante os cales, quen se estimen persoas interesadas poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes. Á súa vez, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade.

Ribas de Sil, 25 de novembro de 2024.- O Alcalde, Asdo. Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 3745

---

## SARRIA

### *Anuncio*

**EXPEDIENTE:** 795/2024

**PROCEDEMENTO:** Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar na EEI Xela Arias.

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA**

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 29/07/2024, acordou aprobar provisionalmente a Ordenanza Reguladora de referencia.

O expediente someteuse a información pública mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 178, de data 02/08/2024 e no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal.

Como queira que non se presentaron reclamacións durante o devandito trámite, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional, cuxo texto íntegro se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NA EEI XELA ARIAS**

##### **ARTIGO 1.- FUNDAMENTO LEGAL.**

No uso das facultades concedidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese o prezo público pola prestación do servizo de comedor escolar no EEI Xela Arias.

##### **ARTIGO 2.- FEITO DO QUE DERIVA A OBRIGA DE PAGO**

Constitúe o feito do que deriva a obriga de pagamento dos prezos públicos regulados na presente ordenanza a prestación dos servizos de comedor escolar no EEI Xela Arias.

##### **ARTIGO 3.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas que soliciten ou se beneficien dos servizos a que se refire o artigo anterior. En concreto consideraranse obrigados ao pagamento os pais/nais, titores/as ou encargados/as legais de feito dos nenos/as, que soliciten ou se beneficien da prestación.



A efectos da contía da tarifa distínguese entre usuarios habituais do servizo de comedor escolar e usuarios esporádicos.

Os usuarios habituais de comedor escolar, son os escolares que reciben o servizo diariamente: pago mensual do servizo.

Os usuarios esporádicos do comedor escolar son os escolares o e o persoal funcionario docente e non docente así como o persoal laboral e alumnado en prácticas de Maxisterio ou grao equivalente do centro educativo, que soliciten o servizo, sempre que existan prazas libres dos centros escolares: pago por día solto.

#### ARTIGO 4.- TARIFAS

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza serán as seguintes:

- Por comida e día, para usuarios fixos.....2,32 €
- Por comida e día, para usuarios esporádicos.....3,00 €

#### ARTIGO 5.- BONIFICACIÓNS

1. Establécense as seguintes bonificacións nas cotas para o alumnado usuario fixo (non esporádico ou por días soltos) dos servizos de comedor:

- . Unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais municipais - Bonificación do 90%
- . Renda anual neta per cápita inferior ou igual a 7.000,00 € - Bonificación do 80%
- . Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 € - Bonificación do 60%
- . Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 € - Bonificación do 40%

2. Será requisito previo para a concesión dunha bonificación ou gratuidade que o suxeito pasivo beneficiario non teña débedas pendentes do pagamento co Concello, nos termos establecidos na ordenanza fiscal xeral.

3. A solicitude de bonificación de tarifas deberá facerse por escrito conxuntamente coa solicitude de praza, ben sexa de renovación ou de novo ingreso, no impreso oficial correspondente e achegando a documentación xustificativa en cada suposto. Os solicitantes deberán indicar se desexan ou non utilizar igualmente o servizo en caso de denegación da bonificación.

4. As bonificacións reguladas neste artigo son incompatibles entre sí, e aplicarase por parte da administración municipal, no caso de concorrencia de bonificacións aplicables a un mesmo usuario, aquela que resulte máis beneficiosa para o mesmo.

5. En orde á aplicación do presente precepto, a base para a aplicación de bonificacións virá determinada pola renda per cápita mensual, entendendo por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar. Para os efectos, teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral (casilla 455) coa base imponible do aforro (casilla 465), do imposto sobre a renda das persoas físicas. No caso de que algún dos membros maiores de idade da unidade familiar non tivera presentado declaración do IRPF no exercicio que se estea a valorar, sumarase os ingresos minorando os mesmos co total dos gastos de carácter deducible que figuren no certificado emitido pola AEAT.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables. Considérase que integran a unidade familiar:

- Os pais/nais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.

No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo de comedor escolar. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. No caso de separación con custodia compartida, valorarase a renda dos dous proxenitores. Non obstante, se os cónxuxes separados e titulares da custodia compartida solicitasen cadansúa bonificación en relación ao mesmo neno/a, a situación de cada unidade familiar será valorada de xeito diferenciado.

A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

En caso de existir unha orde de afastamento, presumirase que a persoa á que esta se refire non forma parte da unidade familiar. A demanda de incumprimento das obrigas de pago contidas nun convenio regulador de medidas paterno filiais poderá ser substituído por un informe dos servizos sociais acreditativo dunha situación de violencia de xénero.

- Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.

- Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.
- No caso de non existir vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos que se acaban de referir.
- No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
- Os/as nenos/as en réxime de acollemento non computarán como membros da unidade familiar ate que proceda valorar a capacidade económica en base á renda percibida no ano en que se producira o acollemento.

#### **ARTIGO 6.- PERÍODO DE DEVENGO E NACEMENTO DA OBRIGA DE ABOAMENTO**

O prezos regulados nesta ordenanza devindicaranse no momento en que se outorgue a prestación do servizo.

Na opción prestación mensual (pago mensual do servizo), as familias formalizarán asistencia coa inscrición no servizo, e as cotas quedarán domiciliadas. En caso de baixa do servizo, avisarase antes do 20 do mes anterior a causar baixa.

O pagamento do prezo público realizarase anticipadamente ao momento en que se outorgue a prestación do servizo, no caso das usuarias e usuarios habituais, que reciben o servizo diariamente, o cobro será por domiciliación bancaria que autorizará a nai, o pai, os titores ou representantes legais.

O período de devengo para os usuarios ocasionais será o de duración do servizo ocasional que se solicite. A obriga de pagamento nace cando se produza a utilización do servizo.

#### **ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN**

1. Os interesados na prestación dos servizos presentarán no Concello solicitude de inscrición nos modelos que se faciliten.
2. En caso de non poder asistir algún día ao servizo, é obrigatorio avisar á persoa coordinadora do centro ben por teléfono ou por correo electrónico non máis tarde das 20:00 horas do día lectivo inmediato anterior. Nos casos excepcionais, debidamente acreditados, como podan ser enfermidade grave, cambio de domicilio, ou outros motivos de forza maior, procederase á devolución do importe correspondente.
3. As tarifas mensuais reduciranse proporcionalmente os meses de setembro, decembro, xaneiro, xuño e aquel no que coincida a Semana Santa. A redución aplicarase prorrateando o custo mensual correspondente entre o número de días que serían hábiles para a prestación do servizo nun mes ordinario.
4. O impago dunha mensualidade causará a suspensión temporal do beneficiario do servizo de comedor escolar, en tanto non aboe a débeda pendente, un segundo impago causará a baixa definitiva no servizo.

#### **ARTIGO 8.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, será de aplicación o Contrato administrativo, a Lei xeral tributaria e a restante normativa de aplicación.

#### **DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR**

A presente Ordenanza, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día 29/07/2024, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincial e permanecerá en vigor ata súa modificación ou derogación expresa.”

Sarria, 22 de novembro de 2024.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez. Sarria.

R. 3733

## TRABADA

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

#### APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

Expirado en data 30 de agosto de 2024, o prazo de presentación de solicitudes de admisión para participar no proceso de selección e contratación para cubrir unha praza, por promoción interna, de **“Conserxe- Oficial de Servizos Múltiples e conductor”** en réxime de persoal laboral fixo do Concello de Trabada a través do sistema de concurso- oposición.

Visto o informe asinado en data 23 de outubro polo secretario- interventor do Concello de Trabada en orde a determinar o listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, unha vez revisadas todas as solicitudes de participación que foron presentadas;

Vista a Resolución de Alcaldía número 482/2024 de data 28 de outubro de 2024 onde se aprobaba de forma provisional a relación de aspirantes admitidos e excluídos para o proceso de selección e contratación para cubrir a praza de Conserxe- Oficial de Servizos Múltiples e conductor;

Visto que dita Resolución de Alcaldía se publicou no BOP de Lugo número 252 de data 31 de outubro de 2024 e visto que durante o prazo de 10 días hábiles ( que rematou en data 15 de novembro de 2024 ) non se presentaron alegacións ou nova documentación;

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas en Resolución de Alcaldía nº 11/2024 de data 11 de xaneiro de 2024 e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

#### 1.- - ASPIRANTES DEFINITIVAMENTE ADMITIDOS:

	NOMBRE Y APELLIDOS	DNI	CELGA
1	JOSE LUIS REIGOSA ESPASANDE	XXX7042XX	SI

#### 2.- ASPIRANTES DEFINITIVAMENTE EXCLUIDOS:

##### NON HAI

**SEGUNDO.-** Publicar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ós efectos oportunos. Asimesmo tamén se publicará no Taboeiro de Edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello de Trabada ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ).

**TERCEIRO.-** Designar como membros do Tribunal de selección e cualificación ás seguintes persoas:

- **Presidente titular:** Dona Guadalupe Vázquez Ascariz, traballadora social do Concello de Toques.
- **Presidente suplente:** Don Alejandro Alonso Figueroa, secretario- interventor do Concello de Irixoa.
- **Primeiro vogal titular:** Don José Luis Guerra Ferreiro, administrativo do Concello de Toques.
- **Primeiro vogal suplente:** Dona María Ermitas Sánchez González. Traballadora Social do Concello de Sobrado dos Monxes.
- **Segundo vogal titular:** Dona Monica Seijas Rey, Tecnica de administración xeral do Concello de Toques.
- **Segundo vogal suplente:** Dona María Teresa Alcalde Valle. Traballadora social do Concello de Santiso.
- **Terceiro vogal titular:** Dona María Jesús Rivas Moscoso, Técnico de Intervención do Concello de Santiso.
- **Terceiro vogal suplente:** Don Eladio Bendaña Pardo, secretario- interventor do Concello de Mesía
- **Secretario titular:** Don Iván Ponte Mahía, secretario- interventor do Concello de Trabada.
- **Secretario suplente:** Don David Criado Taboada, secretario- interventor do Concello de Agolada.

Aos efectos previstos no Real Decreto 462/2002 , de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, O Concello de Trabada farase cargo dos custos de indemnización por desprazamento a razón de 0,19

euros/Km., así como das contías por asistencia a tribunais de selección de persoal de conformidade co Anexo IV, categoría terceira.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade coa normativa vixente.

**CUARTO.-** O Tribunal de selección e cualificación se constituirá o mércores día 4 de decembro de 2024 ás 09:30 horas no Salón de Plenos do Concello de Trabada

O exercicio práctico da oposición terá lugar o día 4 de decembro de 2024 ás 10:30 horas nos anexos da Casa de Cultura do Concello de Trabada.

Os candidatos deberán comparecer para a realización desta proba co seu DNI. A non comparecencia do aspirante determinará a súa automática exclusión do proceso de selección.

**QUINTO.-** Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

Trabada, 22 de novembro de 2024.- o Sr. Alcalde, Rubén García Freije, ante o Sr. Secretario, Iván Ponte Mahía.

R. 3734

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

##### APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

Expirado en data 30 de agosto de 2024, o prazo de presentación de solicitudes de admisión para participar no proceso de selección e contratación para cubrir unha praza, por promoción interna, de **“Oficial de Servizos Múltiples, maquinista e conductor”** en réxime de persoal laboral fixo do Concello de Trabada a través do sistema de concurso- oposición.

Visto o informe asinado en data 23 de outubro polo secretario- interventor do Concello de Trabada en orde a determinar o listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, unha vez revisadas todas as solicitudes de participación que foron presentadas;

Vista a Resolución de Alcaldía número 483/2024 de data 28 de outubro de 2024 onde se aprobaba de forma provisional a relación de aspirantes admitidos e excluídos para o proceso de selección e contratación para cubrir a praza de Oficial de Servizos Múltiples, maquinista e conductor;

Visto que dita Resolución de Alcaldía se publicou no BOP de Lugo número 252 de data 31 de outubro de 2024 e visto que durante o prazo de 10 días hábiles ( que rematou en data 15 de novembro de 2024 ) non se presentaron alegacións ou nova documentación;

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas en Resolución de Alcaldía nº 11/2024 de data 11 de xaneiro de 2024 e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

##### 1- ASPIRANTES ADMITIDOS:

	NOMBRE Y APELLIDOS	DNI	CELGA
1	JESUS AMOR VIZCAÍNO	XXX7049XX	SI

##### 2.- ASPIRANTES EXCLUÍDOS:

NON HAI

**SEGUNDO.-** Publicar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ós efectos oportunos. Asimesmo tamén se publicará no Taboeiro de Edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello de Trabada ( <https://trabada.sedelectronica.gal> ).

**TERCEIRO.-** Designar como membros do Tribunal de selección e cualificación ás seguintes persoas:

- **Presidente titular:** Dona Guadalupe Vázquez Ascariz, traballadora social do Concello de Toques.
- **Presidente suplente:** Don Alejandro Alonso Figueroa, secretario- interventor do Concello de Irixoa.
- **Primeiro vogal titular:** Don José Luis Guerra Ferreiro, administrativo do Concello de Toques.
- **Primeiro vogal suplente:** Dona María Ermitas Sánchez González. Traballadora Social do Concello de Sobrado dos Monxes.
- **Segundo vogal titular:** Dona Monica Seijas Rey, Tecnica de administración xeral do Concello de Toques.
- **Segundo vogal suplente:** Dona María Teresa Alcalde Valle. Traballadora social do Concello de Santiso.
- **Terceiro vogal titular:** Dona María Jesús Rivas Moscoso, Técnico de Intervención do Concello de Santiso.
- **Terceiro vogal suplente:** Don Eladio Bendaña Pardo, secretario- interventor do Concello de Mesía
- **Secretario titular:** Don Iván Ponte Mahía, secretario- interventor do Concello de Trabada.
- **Secretario suplente:** Don David Criado Taboada, secretario- interventor do Concello de Agolada.

Aos efectos previstos no Real Decreto 462/2002 , de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, O Concello de Trabada farase cargo dos custos de indemnización por desprazamento a razón de 0,19 euros/Km., así como das contías por asistencia a tribunais de selección de persoal de conformidade co Anexo IV, categoría terceira.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade coa normativa vixente.

**CUARTO.-** O Tribunal de selección e cualificación se constituirá o mércores día 4 de decembro de 2024 ás 09:30 horas no Salón de Plenos do Concello de Trabada

O exercicio práctico da oposición terá lugar o día 4 de decembro de 2024 ás 10:00 horas nos anexos da Casa de Cultura do Concello de Trabada.

Os candidatos deberán comparecer para a realización desta proba co seu DNI. A non comparecencia do aspirante determinará a súa automática exclusión do proceso de selección.

**QUINTO.-** Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

Trabada, 22 de novembro de 2024.- o Sr. Alcalde, Ruben Garcia Freije, ante o Sr. Secretario, Ivan Ponte Mahia.

R. 3735

## MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

### Anuncio

**Anuncio: APROBACIÓN RELACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DA MANCOMUNIDADE TERRA CHÁ INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022.**

**EXPTE. NÚM. 65/2022**

Unha vez rematado o prazo para presentación das instancias para a admisión nos procesos selectivos e examinadas as mesmas.

Conforme o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e de acordo a base 4ª punto 2, das bases xerais e específicas que sinala que expirado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano

competente da Corporación ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, así como a determinación do Tribunal e en base ao establecido polo R.D.Lexislativo 5/2015 de 30 de Outubro, que aproba o Texto Refundido da do Estatuto Básico do Empregado Público.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos das seguintes prazas:

**OFICIAL 1º CONDUCTOR**

**RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS:**

NOME E APELIDOS	DNI
RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**
GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**
JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**

**RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS:**

NINGÚN

**ADMINISTRATIVO**

**RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS:**

NOME E APELIDOS	DNI
HERIBERTO MARTÍNEZ DÍAZ	****421**
NANCY ANDION PENA	****822**
NOEMI BERTA GARCIA ABELARIAS	****934**
AGOSTIÑO REIGOSA LOMBAO	****500**
JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**

**RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS:**

NINGÚN

**SEGUNDO.-** Tal e como sinala a base 4ª.3 das bases xerais os aspirantes excluídos expresamente, así como os que non figuran na relación de admitidos nin na de excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a fin de emendar o defecto que motivábase a súa exclusión ou a súa non inclusión expresa.

De non existir reclamacións no prazo sinalado, as relacións provisionais de admitidos e excluídos das dúas prazas elevaránse automaticamente a definitivas. Neste caso o órgano competente ditará Resolución, a proposta do Tribunal Calificador, coa data, lugar e hora de realización da primeira proba que houbese de realizarse na fase de oposición, publicándose no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá. As seguintes actuacións en relación con ambas prazas publicaránse igualmente no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, a excepción da relación de aprobados, nomeamento como funcionario de carreira e toma de posesión e contratación do persoal laboral fixo que deberá publicarse no BOP da provincia de Lugo.

De existir reclamacións e/ou subsanacións no referido prazo, o órgano competente as resolverá e ditará Resolución definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no BOP de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá.

Nesta mesma Resolución o órgano competente, a proposta do Tribunal Calificador, fixará a data, lugar e hora de realización da primeira proba que houbese de realizarse da fase de oposición, publicándose no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá. As seguintes actuacións en relación con ambas prazas publicaránse no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, a excepción da relación de aprobados, nomeamento como funcionario de carreira e toma de posesión e contratación do persoal laboral fixo que deberá publicarse no BOP da provincia de Lugo.

**TERCEIRO.-** De acordo aos principios establecidos na Lei 39/2015 e segundo establece a Base 5ª, a composición do Tribunal Cualificador queda como segue, sendo o mesmo para as distintas probas selectivas:

---

Presidente/a: Dona Isabel Pernas Sánchez, Tesoureira en acumulacións da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá.

Suplente Presidenta: Dona Cristina Castro Fuentes, Secretaria do Concello de Outeiro de Rei.

Secretario/a: Dona Ana María Rubiera Álvarez, Secretaria- Interventora en acumulacións da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

Suplente Secretaria: Don Armando López Rodríguez, Arquitecto Técnico da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

Vocais:

Dona Ruth Presas Pardo, Tesoureira do Concello de Cospeito.

Dona María Silva Taboada, Interventora Xeral do Concello de Cospeito.

Dona Ana M<sup>a</sup> Cabana Martínez, Administrativa do Concello de Cospeito.

Suplentes vocais:

Dona Ana Belén Iglesias Rodríguez, Traballadora Social da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

Dona M<sup>a</sup> Del Mar Iglesias Cabaneiro, Traballadora Social da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

Dona Blanca Arrojo Farelo, Traballadora Social da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

Cospeito, 23 de novembro de 2024.- O Presidente, Don Armando Castosa Alvariño.

R. 3736

---